

PEZA DO MES

marzo

2016



**VASO E CAZOLA DA IDADE DO BRONCE
PARTOVIA, O CARBALLIÑO**



FOTOGRAFÍA DOS FRAGMENTOS CERÁMICOS DO VASO E A CAZOLA Á SÚA CHEGADA Ó MUSEO ARQUEOLÓXICO NO ANO 2012

Vaso e cazola da Idade do Bronce. Partovia, O Carballiño

Hai non demasiado tempo presentabamos neste mesmo marco un exemplo da presenza de materiais cerámicos da Idade do Bronce en cavidades naturais (Peza do mes, xaneiro de 2014). Daquela eran as covas de orixe calcárea das serras orientais da provincia. Agora serán as cavidades graníticas do Ourense occidental as que nos ofrezan novas mostras desa procura do recóndito na realización de actividades humanas que implicaban a presenza de recipientes cerámicos. E faino de novo de xeito casual, de novo das mans de afeccionados á espeleoloxía (Clube Espeleolóxico Mauxo de Vigo), con dous deses recipientes atopados nas grechas dunha penedía granítica sita no lugar de Grobas no Penedo, parroquia de Santiago de Partovia (O Carballiño). O contexto é, por tanto, o agochamento de vasos cerámicos enteiros en espazos que, polas súas características e localización, resultan inhábiles para calquera actividade humana que non fose afastar intencionalmente obxectos do ámbito do cotián. E tratándose de recipientes cerámicos, semella máis crible que a intención non fose agochalos, dado que carecen de valor material intrínseco, senón depositalos, eles ou o que puidesen conter, amortizándoos nun espazo alleo e mesmo inconveniente a funcións ou significados relacionados coa vida material.

Neste caso trátase de dous recipientes de distinta forma e factura que apareceron case que enteiros, aínda que un deles roto en tempos recentes. Este

último é tamén o máis grande e expresivo. Trátase dun gran vaso de colo alto e forte carena media, da que parte un corpo troncocónico de paredes curvas e fondo moi pequeno e tamén curvo. Presenta unha asa de sección plana –comunmente coñecida como «asa en cinta»– que iría dende a carena ata a metade do colo, sen chegar a acadar, pois, a boca do vaso. Cuns acabamentos coidados, aínda que deficientemente conservados, sobre os que engadiu unha decoración a base de motivos xeométricos lineais obtidos mediante incisión. Sucedéense unha franxa de triángulos recheos de pequenos trazos, obtidos por punteado oblícuo, inmediatamente baixo o remate superior do vaso; despois, unha alternancia de frisos deses pequenos trazos aliñados, pero discontinuos, e outros de liñas paralelas, que ocupan o colo; e para rematar de novo unha franxa de motivos triangulares idénticos ós que orlaban a embocadura do vaso e que agora o farán coa parte alta do corpo, xusto por riba da carena; finalmente, a decoración expándese tamén cara á asa, con ese motivo dos pequenos trazos rectos e discontinuos, agora dispostos en «espiña de peixe» contra unha liña central de trazos horizontais. Aínda con esa morfoloxía complexa e singular, e mesmo a decoración, pese a unha factura tosca, o que destaca neste cacharro é a súa elaboración que, ademais de darlle unhas superficies avermelladas que pulidas darían ó recipiente un aspecto brillante e un colorido ó que se puido engadir a incrustación de pasta branca nos sulcos da decoración, conseguiu dotalo dunha lixeireza sorprendente no que ás cerámicas prehistóricas se refire: o seu pouco peso en relación ás súas dimensións e a súa fraxilidade inciden na súa inadecuación cara ós usos que lle cabería supor; inadecuación tamén presente na súa forma, a que o fondo cónico impediría manterse en pé cando se pousase. En definitiva, as coordenadas nas que cabe interpretar esta peza de olaría son unha coidada e especial elaboración, especialmente preocupada no seu aspecto externo, para un recipiente de forma moi singular, pero cunhas condicións que dificultarían o seu emprego nas tarefas habituais nese tipo de obxectos, especialmente nas referidas ó uso cotián dos mesmos.

O segundo recipiente é distinto tanto na forma como na elaboración. No formal esa diferenza é moi marcada, pois trátase agora dun recipiente baixo e aberto, unha cazola, aínda que tamén cunha marcada carena que separa dúas partes diferenciadas. Unha, a alta, está definida por unha parede cóncava e exvasada que remata nun bordo plano; a outra, a

baixa, é troncocónica e coas paredes rectas que remata nun pequeno fondo plano; e para rematar a descrición, na parte alta aparece unha asa, agora de sección elíptica, que arrinca da carena pero non chega a acadar o remate superior da cazola. En canto á elaboración as diferenzas non son tan marcadas, pero teñen evidentes consecuencias. As paredes son neste caso grosas e compactas, dándolle consistencia e peso ó cacharro, pero seguen a ser avermelladas e con acabamentos coidados coma no anterior caso, aínda que carentes de decoración. Paradoxalmente, a pesar de ter unha forma máis simple, unha elaboración similar e amosar preocupación polo aspecto externo, o resultado é un cacharro de modelado máis tosco, menos logrado có anterior. Non obstante, ese modelado así como a factura permiten identificar esa cazola como unha expresión da olaría típica da plenitude da Idade do Bronce en Galicia, por máis que a forma resulte relativamente nova; insistimos nesa relatividade, dado que o repertorio desa olaría aínda é pouco coñecido e esta cazola seméllase a outra coñecida xa hai tempo, só que dunha localización e contexto arqueolóxico diferentes: fosas escavadas no xabre na parroquia veciña de Mesego. Mesmo posibilita comparala co vaso da cova de Pardollán –recentemente estudado e tamén nas coleccións do Museo–, de forma distinta e mellor elaboración e datado ó redor de mediados do II milenio B.C. Un paralelismo que non só avala unha identificación cultural e cronolóxica, senón que posibilita tamén o paralelismo funcional ó vincularse ambos a contextos en grutas, aínda que de orixe xeolóxica diferenciada.

De novo co vaso de Pardollán hai que relacionar o vaso/xarra de Partovia. Pode que no seu aspecto resulten aparentemente moi distantes, e na factura xa vimos pola cazola de Partovia que tamén. Non obstante, hai unha moi significativa coincidencia conceptual: ter como modelo os vasos metálicos do Bronce Inicial espallados polas Illas Británicas, a Bretaña francesa e o oeste de Alemaña, ata poder ser considerados verdadeiros esqueomorfos cerámicos destes. Unha condición que no vaso que aquí tratamos resulta aínda máis contundente que no de Pardollán: o colo alto, o corpo acusadamente cónico e a práctica carencia de base, son riscos que atopamos en moitos dos exemplos desa vaixela metálica, pero tamén nos seus áter ego en ámbar. Neses mesmos ámbitos atopamos mostras de cerámicas que cunhas formas semellantes e tamén cunha especial elaboración poderían cumprir unha función semellante á que lle atribuímos ó vaso

de Partovia, aínda que tenden a ser entendidas tamén como inspiradoras para a propia vaixela metálica. Grupos culturais como *Wessex* na actual Inglaterra, o dos *Túmulos Armoricanos*, na Bretaña francesa, *Adlerberg* ou *Singen* no Baixo e Alto Rhin, respectivamente, semellan moi afastados da Galicia, pero constitúen un entramado de relacións ó redor dos metais e o ámbar que acadaría tamén á Europa nórdica, e que ten necesariamente nas vías marítimas uns dos seus nexos fundamentais. É a través desa inevitable circulación por mar e atlántica onde encaixaría unha proxección do fenómeno cara ó noroeste da Península Ibérica.

Por último, non debemos esquecer que tamén en Galicia se manifesta o fenómeno dos vasos metálicos, neste caso áureos, como expresan os do coñecido tesouro de Caldas de Reis, con referentes na cerámica da Idade do Bronce, e mesmo coa que aquí estamos a tratar, tanto na forma como na decoración. Especialmente, esta última estase a constatar na olaría do Bronce Inicial poscampaniforme do noroeste, en grupos culturais coevos cos mencionados da Europa Atlántica e Central, cando menos nas súas fases máis avanzadas: ca. 1750-1500 B.C. No caso dos vasos rituais atopados en covas pódese supor unha proxección cara os tempos do Bronce Pleno (ca. 1500-1350 B.C.), aínda que con predominio das cerámicas non decoradas: agora podemos citar que unha xarra practicamente idéntica á de Partovia foi recentemente dada a coñecer tamén en Pardollán, co que voltaríamos atopar a convivencia de cerámicas decoradas e cerámicas lisas cun patróns formais semellantes pero elaboracións diferenciadas, pero tamén a recorrencia de depósitos cerámicos en covas como manifestación da importancia e continuidade dun ritual propio da cultura do Bronce do noroeste (ca. 1750-1350 B.C.). Posto que, en definitiva, de cerámicas utilizadas en funcións rituais estamos a falar, e de ritos que precisaban da cova ou abrigo baixo o rochedo granítico como «topos» específico deses ritos. A especificidade desas cerámicas, e máis a súa relación cunha vaixela elaborada en materiais de especial valor intrínseco, ergo significado, como ouro, prata ou ámbar, explícase na selección de obxectos que expresan máis o simbólico que o funcional en contextos máis afíns ó ideolóxico que ó cotián.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es
mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: José Suárez Otero

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico

XUNTA DE GALICIA